

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 4/2025
Solicitante: Martín Rodríguez Tesouro.

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado por el colegiado Martín Rodríguez Tesouro, en data 4 de febrero de 2025, no que solicita a revogación da sanción imposta polo Comité Territorial de Competición na acta 2425/19, por non estar de acordo coa sanción.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2425/19 sancionar ao colexiado Martín Rodríguez Tesouro coa suspensión de 2 meses.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo colexiado mediante recurso, presentado en tempo e forma.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Proba en contra da resolución recorrida.

O recurso aporta proba, en concreto aporta unha nota manuscrita pero carimbada que xustifica que na data do rexeitamento traballou.

O certo é que esta proba é tida en conta por esta parte pese a ser extemporánea, pois o artigo de base da sanción, o 43 do RRDG sinala que é unha sanción específica do equipo arbitral, a) rexeitar nomeamentos, salvo en caso de forma maior que deben probar comunicándoo inmediatamente.

Este xustificante non se aportou co rexeitamento, pero é que aínda que non viña sendo requerido polo Comité de árbitros habitualmente non só non se aportou esta proba no momento oportuno, senón que o xeito e motivo de rexeitar o nomeamento non foi a suxección a unha xornada laboral. Textualmente:

" Me ha quemado mucho ya el designador o grupo de designadores, por lo tanto desde ya voy a aceptar o rechazar lo que me venga bien y este sábado a la tarde acabo de decidir que voy a trabajar".

Da resposta deduce-se claramente que rexeita porque non lle ven ben, o motivo e unha situación de "queme", inquina ou animadversión cara ós designadores; e ademais que traballará pero por decisión propia.

Así o motivo de rexeitar parece ser chamar a atención sobre o que o colexiado entendeu unha serie de designacións inxustas, e a vontade do colexiado de cubrir só se lle interesa.

Por outra banda, si ben extemporáneo esta parte acepta que o colexiado traballou ese día, o fixo por decisión propia (descoñecendo esta parte a capacidade de variar as súas xornadas laborais, é algo que afirma no propio rexeitamento: decidín traballar. Parte dunha decisión propia en primeira persoa).

Así é unha proba de que se traballou, recabada moi posteriormente ao momento en que tiña que manifestarse o traballo e que non contradí que rexeitou a designación por vontade, pois como textualmente dixo: optou voluntariamente por traballar, decidíndoo.

SEGUNDO.- Correcta aplicación do RRDG.

O artigo 43 pretende precisamente que o colectivo arbitral non rexeite designacións por vontade, interés, animadversión, capricho, ou mesmo razóns económicas e por iso vincula, salvo forza maior.

O Comité de Apelación considera o traballo motivo suficiente para o rexeitamento, pero debe facerse constar que o motivo de rexeitamento é o traballo. Neste caso, é ben diferente, claramente se da un recado /lección, ameazando con rexeitamentos futuros a vontade, e **decide** traballar neste caso concreto. Polo que un autónomo ou persona con xornada flexible, podería ou non traballar segundo a súa interese, pero aínda así se fai constar rexeitamento por traballo, non habería maior problema. Neste caso, fíxose constar a opción e vontade de rexeitar por interese, por enfado e a decisión de traballar.

Obviamente o artigo 43 non permite o Comité de Competición sancionar pola actitude, ou as formas, pero permite sancionar pola falta de xustificación, que exitiu e por tanto está correctamente aplicado. Pero este Comité quere traer a colación, que neste caso é probable que os Comités de disciplina non entren de oficio aos rexeitamentos de designacións non xustificadas, que non se esixa como norma estricta a xustificación inmediata (como esixe o artigo, inmediata, non 15 días despois como no caso de autos), pero cando esas formas conlevan a ameaza velada de reiterarse salvo un cambio de designacións, parece adecuado revisar o procedemento.

Este Comité, considerase máis ou menos xusta a realidade concreta que levou o recorrente ao rexeitamento voluntario e por decisión persoal; non pode afastarse da decisión do Comité de

competición porque aplica fielmente a norma, si ben de forma estricte, o certo é que non só non xustificou inmediatamente a situación de forza maior senón que o colexiado manifestou optar por outra opción antes de aceptar a designación. Polo que non se pode revogar unha sanción correctamente aplicada.

TERCEIRO.- Modulación da sanción.

Este caso obedece a unha situación excepcional, de feito, valorase o recurso dun xeito especial porque conleva non só un intento real de xustificación do rexeitamento, que por un problema de "quemazón" (parafraseando o rexeitamento) non se xustificou de inicio, senón tamén arrepentimento e unha posta en valor do traballo de colexiado.

Do mesmo xeito, instruídas as circunstancias, sendo a primeira sanción e sendo ademáis certo o contido do recurso sobre a labor habitual do colexiado, que de cotío arbitraba inxente número de encontros, este Comité considera que tratouse dunha infracción illada e puntual, e non merece unha sanción que se afaste do mínimo legal.

Artigo 43. Consideraranse infraccións específicas graves dos compoñentes do equipo arbitral e serán sancionados coa suspensión temporal dun (1) a seis (6) meses de competición oficial e perda total dos dereitos de arbitraje.

CUARTO.- Cómputo de xornadas.

Obviamente todas as xornadas sen designación deben ser computadas para ese tempo de suspensión, e por tanto a pendencia desta resolución non perxudica ao recorrente, que terá por computadas todas as xornadas de suspensión xa cumpridas. Tendo cumprido menos do mes de sanción e completará a mesma ata a súa totalidade, unha emitida a presente resolución.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

ESTIMAR PARCIALMENTE o recurso interposto por Martín Rodríguez Tesouro contra a Acta nº 2425/19, conformando a comisión da infracción do artigo 43 do RRDG, pero impondo a sanción mínima de 1 mes de competición oficial de suspensión e perda dos dereitos de arbitraje.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 14 de febrero de 2025
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla